




XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22
Galicia



CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal



centro de
formación e recursos



AQUELAR II
Servizo de Prevención
de Adicións

Inscripción: jorge.novoa@lalin.gal Telf: 986787060

O desenvolvemento das actividades contempla un protocolo de seguridade adaptado á situación sanitaria derivada da Covid-19. Seguiranse as medidas que dican a Xunta de Galicia e o Concello de Lalín.

ESCOLA DE FAMILIAS

Máis que un teito

A FAMILIA COMO MOTOR DE CAMBIO


EDUCAR NO ESFORZO E NA RESPONSABILIDADE

Lalín. Abril/maio/xuño. 2021



Programación

Abril/maio/xuño 2021



30 Abril. 20:00 H. Online

FRONTE AO ACOSO IMPLICÁMONOS TODXS. [Bullying].

Relator: Iñaki Zubizarreta.

Deportista profesional (ex-xogador da ACB) e campión da Copa do Rei de 1998 co Pamesa Valencia.

Na actualidade colabora con asociacións como (NACE) Non Ao Acoso Escolar, axudando a afrontar esta situación aos nenos que sofren de Bullying. Ten unha ampla experiencia como divulgador, participando en diversos medios, foros e campañas.

Abordará cos escolares, familias e docentes os perigos do acoso escolar e a necesidade de previlo coa implicación de todas e todos, dende a súa experiencia en propia persoa. Esta xornada é un marco de referencia e encontro para tódolos membros da comunidade educativa.



7 Maio. 20:00 H. Online

DESENRED@TE! UNHA APOSTA POLA PREVENCIÓN COMUNITARIA.

[Adición ás novas tecnoloxías e xogo online].

Relator: Antonio Rial Boubeta.

Doutor en Psicoloxía Social e Profesor Titular da Universidade de Santiago de Compostela. Director técnico da Unidade de Psicoloxía do Consumidor e Usuario e experto en metodoloxía de investigación en ciencias sociais e da saúde. Autor de máis dun cento de artigos en revistas científicas nacionais e internacionais, director dunha vintena de teses de doutoramento e responsable de numerosos proxectos de investigación do eido da mocidade, dende o Uso problemático de Internet, as redes sociais ou o cyberbullying ao consumo de alcohol e outras drogas. En 2010 foi coordinador do primeiro estudo de "Adolescentes e Internet en Galicia", realizado polo Valedor do Pobo e a Consellería de Educación, que continuou en 2014 co estudio "Mocidade On Line", que é ata día de hoxe o traballo científico de maior envergadura feito en España sobre o tema, cunha mostra de máis de 44.000 adolescentes e cuxos resultados foron publicados en revistas de prestixio internacional, como Cyberpsychology ou Computers in Human Behavior. Dirixiu en 2019 un dos maiores estudos realizados en España sobre o problema do Xogo Online en menores, que ven de ser publicado no Journal of Gambling Studies. É coautor tamén do libro "Adolescentes y Nuevas Tecnologías: una responsabilidad compartida", así como dun capítulo do libro "Entre selfies y whatsapps. Oportunidades y riesgos para la infancia y la adolescencia conectada", elaborado por expertos europeos do proxecto EU Kids Online. É colaborador habitual de diferentes medios de comunicación, tanto prensa, como radio e TV. Foi o encargado de elaborar o material docente do curso de formación que actualmente ten o Consejo General de la Psicología de España sobre o Uso Problemático de Internet entre os adolescentes; docente tamén no curso de Adicións Tecnolóxicas, da Consellería de Sanidade, no que cada ano se forman psiquiatras, pediatras e psicólogos; no Curso de Prevención, Detección e tratamento do Acoso Escolar e o Ciberacoso, da Consellería de Educación, para mestres e orientadores de toda Galicia; así como de diferentes cursos sobre Menores que actualmente se imparten na Academia Galega de Seguridade Pública, para as Forzas e Corpos de Seguridade. É tamén investigador honorífico do Anti-Bullying Research and Resource Centre (ABC), do alto comisionado da UNESCO para a loita contra o acoso escolar e o ciberacoso. Responsable técnico da avaliación do último Plan de Trastornos Aditivos de Galicia. Forma parte do grupo de expertos encargado de asesorar ao goberno da Xunta de Galicia na elaboración da nova Lei do Xogo. Actualmente dirixe un proxecto de investigación financiado polo Plan Nacional sobre Drogas para a detección precoz e intervención breve nas adicións con e sen substancia en Pediatría Atención Primaria e, paralelamente, está a dirixir nestes momentos o Estudio sobre o impacto da tecnoloxía na adolescencia, levado a cabo por UNICEF en España.



28 Maio. 20:00 H. Salón Teatro do Auditorio Municipal.

CONSUMO DE DROGAS E MENORES: BUSCAMOS SOLUCIÓNS?

[Prevención do consumo de substancias]

Relator: Manuel Isorna.

Doutor en Psicoloxía e Experto en Drogodependencias e Condutas Aditivas. Mestrado pola Universidade de Santiago de Compostela. Profesor na Facultade de Ciencias da Educación e Traballo Social da Universidade de Vigo. Coordinador do Programa de Prevención de Drogodependencias dos concellos de Catoira, Dodro, Padrón, Pontecesures, Rois e Valga; Este traballo foi recoñecido a nivel nacional en 2011 co terceiro premio da Federación Española de Municipios e Provincias e o primeiro premio da fundación CREFAT (Cruz Vermella) no ámbito educativo en 2012. Toda unha vida profesional e persoal vinculada a prevención da drogodependencia e os deportes levárono a realizar diversas investigacións nestes campos e varias publicacións de prestixio.



4 Xuño. 20:00 H. Salón Teatro do Auditorio Municipal.

OS MENORES ANTE AS NOVAS TECNOLOXÍAS. BENEFICIOS E RISCOS.

[Seguridade nas redes].

Relator: J. Eugenio Torres Meira.

Experto Universitario en Investigación sobre Delitos Cibernéticos.

Diplomado polo Instituto Nacional de Ciberseguridade (INCIBE) como especialista en privacidade e seguridade nas redes sociais.

Diplomado polo Centro Nacional de Excelencia en Ciberseguridade (CNEC), como especialista na análise de evidencias dixitais.

Responsábel do Equipo de Investigación Tecnolóxica da Policía Xudicial da Garda Civil de Pontevedra.

Poñente do Centro de Estudos Xurídicos do Ministerio de Xustiza.

Profesor da Academia Galega de Seguridade Pública.

Ampla experiencia como relator en diversas conferencias, charlas, foros e mesas redondas impartidas e dirixidas a profesionais de diferentes ámbitos e sectores, destacando as de Educación, Sanidade, Investigación e Poder Xudicial, así como educadores, pais, titores e mozos.

Colaborador do Departamento de Enxeñaría Telemática, da Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións da Universidade de Vigo en varios proxectos, entre eles: Desenvolvemento da plataforma "Vicus", deseñada para a localización da pornografía infantil a nivel mundial a través de redes P2P. Desenvolvemento de "Twicus": ferramenta para a análise e detección do ciberacoso en Twitter, presentada no III Congreso Nacional de I + D en Defensa e Seguridade.

Participa como Investigador no proxecto de Innovación para a Inclusión Educativa e Social da Universidade de Vigo, "Sentidiño na rede", que ten como obxectivo proporcionar ás familias vinculadas ao proceso educativo, información relevante e ferramentas útiles para que os mozos poidan funcionar con seguridade en Internet, aproveitando o mellor de Internet e coñecendo e minimizando os riscos e consecuencias do uso indebido da mesma.



11 Xuño. 20:00 H. Salón Teatro do Auditorio Municipal.

COMO LLE FALO DISO?. [Sexualidade]

Relatora: Martina González Veiga.

Psicóloga Xeral Sanitaria, especializada en sexoloxía, terapia sexual e de parella. Especialista en intervención e acompañamento psicolóxico en diversidade sexual e de xénero. Técnica en animación sociocultural.

Divulgadora científica, diseña e leva a cabo numerosas actividades educativas e formativas, tanto para público xeral como para institucións, organizacións e profesionais. Conta con numerosas intervencións en congresos e xornadas de sexoloxía nacionais e internacionais. Colaboradora habitual en medios de comunicación (prensa, radio e televisión), dende 2015 conta coa sección semanal Consellos con Sexo no programa Galicia por Diante da Radio Galega.

Fundadora e directora do Centro de Sexoloxía con mucho gusto! na actualidade dirixe un equipo formado por outras tres sexólogas.

Mestra colaboradora no mestrado de sexoloxía da universidade Camilo José Cela de Madrid e no mestrado de sexoloxía da Universidade de Extremadura. www.martinaagonzalezveiga.com